




xoves 5 . 20h30 e 22h30. LAS HORAS DEL VERANO

xoves 12 . 20h30 e 22h30. SU MAJESTAD MINOR

xoves 26 . 22h30. LA OLA



marzo 2009

www.concellodobarco.org



Actividades escolares

DESCUBRIENDO A LOS ROBINSONS

Cine para 1º e 2º ciclo de Primaria

luns 9 de marzo.

Esta película é unha emocionante aventura que nos levará a un mundo cheo de imaxinación, fantasía e increíbles sorpresas. Lewis, un rapaz orfo cun coeficiente intelectual dun xenio e unha desbordante paixón polos inventos, viaxa ao futuro para atopar a familia que nunca coñeceu.

ESCENAS MUSICAIS

Os instrumentos como fonte sonora e expresiva.

Concerto para Educación infantil e 1º ciclo de Primaria

mércores 18 de marzo.

Neste concerto os máis pequenos gozarán desa comunicación emotiva e directa cos intérpretes quen, cos seus instrumentos, lles darán voz a diferentes personaxes, protagonistas de pequenas historias nas que se reflicten emocións como o diálogo, a pelexa, o enfado, a tristura, a alegría, o xogo, etc. Un actor será mediador entre o público e aquilo que sucede en escena, permitindo en todo momento a comunicación directa entre ambos os dous.

PT Excéntricas No coment: Obra

venres 6 marzo. 21h

Autor: Mofa e Befa. Dirección: Quico Cadaval

Elenco: Vítor Mosqueira, Borja Fernández, Marcos Orsi

e Suso Alonso (música). Público: Adulto. Duración: 1 hora

Obra é o primeiro espectáculo da triloxía No Coment Project, na que os integrantes de Excéntricas exploran formas tetrais mestizas e fronteirizas. Procedentes de distintas culturas, os protagonistas, operarios da construción civil, atópanse nos pisos máis altos dun rañaceo, máis cerca do ceo que da terra. O balbordo da maquinaria e o intenso vento fanlles gozar dunha intensa vida interior: falar é inútil, polo que a expresión se aproxima ao cinema mudo. Chocoes e 'slasticks' desenvólvense a dúcias de metros do chao, e a comedia vese interferida pola sensación de perigo latente.

Produccións Teatrais Excéntricas é a actual forma legal dun equipo artístico que vén traballando unido desde 1993. Despregan as súas actividades nos campos do teatro, cinema, a televisión, a música, as bandas sonoras, a pedagogía, a publicidade, a narración oral, os eventos culturais e publicitarios, a colaboración con institucións públicas e corporacións privadas, cun cada vez máis amplo equipo de creativos no territorio da dramaturxia, deseño de espectáculos, gabinete de guionistas e invención publicitaria.



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



Gargallada Teatro Os sete pecados capitais

venres 13 marzo. 21h

Autor: Creación colectiva a partir de textos de varios autores.

Dirección: Manuel Caramés

Elenco: Silvia Cuesta, Antonia González, Manuel Caramés, Francisca Fernández, Gabriel Prada, Nuria Menéndez, Aurora Fernández, Reyes Limia, Sol Rodríguez e Mercedes Anta

Público: Todos os públicos. Duración: 1 hora.

A Asociación Cultural "Gargallada" presenta esta simpática e particular visión das misérias humanas máis cotiáns, baixo o título de Os sete pecados capitais. Unha idea orixinal do grupo que consta de seis escenas independentes encadeadas polo fio conductor dunha presentadora:

1.- A Preguiza ou incapacidade de facermonos cargo da propia existencia.

Adaptación da escena VII de "A Cantante Calva" de E. Ionesco.

2.- A Soberbia, nai de todas as maldades humanas. Adaptación da peza breve "Disturbios na fábrica" de Harold Pinter.

3.- A Avaricia, especialmente dañina en tempos de crise. Adaptación libre do acto I de "O Avaro" de Moliere.

4.- Os Ciumes, ese verme que corre o cerebro e fai apodrecer o corazón. "Un home moderno" de M. Caramés

5.- A Lascivia, responsable do entumecemento da médula espiñal e outros males. Adaptación libre de "A medosa Blandina" de E. Blanco Amor.

6.- A Ira, xénese de todo fanatismo e intolerancia. Adaptación libre do relato curto "Na Habana" de Valentín Alvite.

Gargallada é unha asociación constituída en 2006, a partir dun obradoiro organizado pola Concellería de Cultura do Concello do Barco. Está formada por persoas da comarca de Valdeorras afeccionadas ao teatro, anteriormente teñen representado "Os escravos" de Plauto e a dramatización poética "Lonxe" sobre Lorenzo Varela



Galitooon Babiliglub

venres 27 marzo. 20h

Autor: Andrea Bayer. Dirección: Andrea Bayer

Elenco: Óscar Ferreira, Santiago Alonso e Xurxo Cortázar.

Público: Infantil, a partir de 1 ano. Duración: 35 min.

Despois de Golulá (Premio ao mellor espectáculo infantil na Feira Internacional de Teatro de Ciudad Rodrigo 2007, espectáculo mellor valorado en Domingos do Principal 2008 e Mellor espectáculo Innovador na MIT de Ribadavia 2008), Galitooon presenta o seu novo espectáculo: Babiliglub, unha obra pensada para os máis pequenos.

O reducido formato deste espectáculo permítenos chegar a todos os espazos e así a un maior número de nenos e nenas. Con Babiliglub apostamos polo visual e musical, cunha trama que apenas precisa de palabras; o texto é o movemento, o ritmo, a presenza dos personaxes e un contexto concreto: o fondo do mar.

A tranquilidade, a calma e a normalidade do fondo do mar verase interrompida por un pequeno peixe e a súa peculiar forma de falar, diferente á de todos os peixes. O noso pequeno amigo tentará integrarse na vida cotiá na profundidades do mar, pero o que vai obter é o rexeitamento de todos, ben, de todos non, a pequena estrela imitará en todo o noso amigo. Xuntos vivirán divertidas e temerosas aventuras tentando ser aceptados polo resto.

Ciclo de cine Medio Ambiente Imaxinado

Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade



O Barco de Valdeorras
Agencia Local de Sustentabilidade

Glup, una aventura sin desperdicio

martes 3 marzo

10 e 12 (escolares) e 20 h.

Wall-E, batallón de limpieza

mércores 25 marzo

10,30 e 12 (escolares) e 20 h.